

"Cando me desprendín das ataduras da realidade, fluíu todo como unha ferverenza"

Fina Casalderrey presenta a novela *A muller xabaril* nun ateigado auditorio do Museo de Pontevedra e consegue emocionar ao público tras despedir o acto bailando un pasodobre co seu home



Fina Casalderrey (no centro) acompañada por Fran Alonso, Víctor Fernández Freixanes e os músicos que participaron na presentación da súa novela 'A muller xabaril' no Museo. Rafa Fariña



[Belén López](#)
31/mar./23

[Fina Casalderrey](#) estendeuse, este xoves, na presentación do seu último título, *A muller xabaril* (Xerais, 2023), falando da importancia que a **música** ten na súa narración. "Na novela, como na vida, hai unha música que nos acompaña. Vainos facendo e enchoupa os sentimentos de moitos personaxes".

A música marca a novela e a música marcou tamén o seu acto de presentación, ante un ategado auditorio do **Edificio Castelao** do Museo de Pontevedra. O público asistiu emocionado, por exemplo, á interpretación dunha versión en galego do *Imagine*, de **John Lennon**, a cargo de **Xacobe Medina**, **Iker Faure** e **Noemi Fernández**, e, sobre todo, á dun pasodobre, que interpretaron **Lorena Guzmán** e **Judith Rey** e que a propia escritora bailou por sorpresa, acompañada polo seu home, **Mariano García**.

Casalderrey, nacida en **Xeve** e afincada en **Lérez**, autora fundamental da **Literatura Infantil e Xuvenil** (LIX) galega, Premio Nacional en 1996, académica da lingua e actualmente candidata ao **Premio Hans Christian Andersen** (considerado o Nobel da LIX), presentaba no Museo a súa máis importante incursión na narrativa para adultos ata o momento, unha novela que naceu inspirada por un personaxe real, o de **Adelina Franco**, a *Jabalina*.

"Tiña moitas ganas de meterme con este personaxe", confesou a autora. "Escribín **50 páxinas** hai **20 anos**, pero parei porque non era capaz de reconstruír a súa biografía. Cando me desprendín das ataduras da realidade, fluíu todo como unha fervenza". Fina Casalderrey insistiu en que o que había en *A muller xabaril* non era a vida de Adelina Franco. "Esta é unha historia ficcionada porque eu, como **Mark Twain**, de cando era nena podo recordalo todo, sucedera ou non".

Na presentación, a escritora estivo acompañada polo presidente da **Real Academia Galega** (RAG), **Víctor Fernández Freixanes**, e polo director da editorial **Xerais**, **Fran Alonso**. "Entendínlles aos dous que esta era unha novela estupenda, pero eu non podo dicilo como o din eles. Eu o que podo dicir é que a min me gustou escribila e que esta é unha historia que me segue emocionando".

No caso de Freixanes, o presidente da RAG sinalou que era honra aparecer, xunto á súa muller, [**María Dolores Cabrera**, *Malós*], na dedicatoria do libro. Segundo quixo puntualizar, el non era moi partidario de empregar a expresión *narrativa para adultos*. "Porque que é iso exactamente? Fina escribe dende hai moitos anos para futuros adultos e eu mesmo gocei moito cos seus libros supostamente escritos para a cativada. Fina leva escribindo para adultos hai moito tempo", explicou. "Escribir para **lectores novos** é difícilísimo. Tanto como escribir **poesía**. E son precisamente os dous xéneros onde é máis fácil caer na impostura. Por todo isto, eu teño unha **longa admiración** por Fina como autora, así que diría que esta simplemente é unha novela máis".

Freixanes, que definiu *A muller xabaril* como "unha novela de misterios e unha novela ambiciosa na que Fina arriscou e puxo moita coraxe", tamén quixo afondar na cuestión de que este título non era unha biografía. "Esta non é a historia da *Jabalina*. Utilízase a súa historia para construír un **personaxe autónomo**, aínda que varias xeracións de pontevedreses a vaíamos ler coa pantasma da *Jabalina* detrás porque esta é tamén unha **novela da memoria**".

Fran Alonso si que se referiu a este traballo como "a primeira novela de Fina para adultos". O editor eloxiou a ambición creativa dunha autora que suma **novos retos** dentro da súa traxectoria literaria. "O resultado é unha **pequena alfaia** que demostra que segue a ser unha escritora inconformista e todoterreo", dixo. "Aquí volve demostrar que ten unha enorme capacidade narrativa e unha enorme capacidade poética, ademais dunha sensibilidade extrema para contar historias".

Para Alonso *A muller xabaril* é "unha novela intensa, emotiva e emocionante", que trata cuestións relacionadas coa vida, a dor, a saúde mental, a familia, a amizade, a represión, a rebeldía, a indiferenza, "os silencios mestos e opacos" e, sobre todo, **a exclusión**. "É unha pedrada na conciencia de calquera persoa. É un libro de paz con banda sonora de John Lennon. É unha novela arrebatadora".